



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: CONVOCATORIA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DO DÍA 30 DE AGOSTO DE 2024

EXPEDIENTE: 2024/G010/000007

Visto que no día de onte se ten celebrado sesión extraordinarias da Comisión Informativa de Asuntos Xerais na que se ten ditaminado favorablemente a *“Participación na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) “POS+ ADICIONAL 2/2024” da Deputación Provincial da Coruña”* e a *“Determinación dos festivos locais para o ano 2025”*.

Considerando que se manteñen as circunstancias/consideracións que motivaron a celebración da citada sesión extraordinaria, isto é, que se ten ultimado a tramitación dos referidos expedientes, que non debe demorarse no tempo a adopción dos correspondentes acordos xa que os mesmos deben ser adoptados dentro dos prazos establecidos por outras administracións públicas, Deputación Provincial da Coruña e Xunta de Galicia, sendo o pleno é órgano competente para ilo.

Considerando, pois, os antecedentes anteriormente expostos, o establecido no artigo 46 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, no artigo 210 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, nos artigos 77 e 78 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e no acordo do Pleno da Corporación, adoptado na sesión extraordinaria celebrada o 13/07/2023.

É polo que, en uso das facultades que me atribúen o artigo 21.1 c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e o artigo 61.1 c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia,

RESOLVO:

Primeiro. Convocar sesión extraordinaria do Pleno, que terá lugar no “Salón de plenos” da Casa do Concello, **o vindeiro día 30 de agosto (venres) ás 13:15 horas**, coa seguinte orde do día:

1º.- Participación na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) “POS+ ADICIONAL 2/2024” da Deputación Provincial da Coruña.

2º.- Determinación dos festivos locais para o ano 2025.

Segundo.- Notificar a presente resolución, con indicación dos recursos que proceda, aos Sres./Sras. Concelleiros/as e proceder a súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello.

En Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente polo Sr. alcalde, Eduardo J. Parga Veiga, ante min, o secretario accidental, Carlos Cruz Freire, que asino aos únicos efectos de fe pública (artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo).